



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión ordinaria **do pleno nº 02/15**

Data 25-02-2015

Acta anterior 29-01-2015



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D^a. Manuela García Saavedra

D. David Pintor Pazo

D. José Manuel Vázquez Vázquez

D^a Manuela García Freire

D. Paulino Vázquez Negro.

D. Jesús Regueira Freire.

D^a Ana María Sánchez Sánchez.

Non asisten

-

Secretario

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 02/2015

Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día vinte e cinco de febreiro de dous mil quince.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as dezanove horas e dous minutos do día vinte e cinco de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, reúnese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Non hai cidadáns presentes en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

Antes de iniciarse o estudo da orde do día o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández comenta o incidente da sesión anterior en que foi increpado por un membro do público e procede á lectura de diversos artigos da Lei de bases de réxime local e do seu Regulamento relativos ao réxime de sesións dos plenos, o que provoca unha forte discusión pois a concelleira do BNG Manuela García Freire solicita plantexar unha cuestión de orde indicando que non está na orde do día, interrompendo ao alcalde quen logo de advertila avísaa de que a próxima vez procederá a súa expulsión.

O alcalde continúa expoñendo o que establece a lexislación de réxime local sobre o desenvolvemento das sesións, e o mantemento da orde durante o desenvolvemento das mesmas. Finalmente considera que o acontecido o outro día foi moi grave e que non o vai volver a permitir.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación, no seu caso, dos borradores das actas anteriores. (07' 31'')

A continuación e por unanimidade dos asistentes apróbanse as seguintes actas sen ningún reparo a súa redacción nin contido (nota do secretario, xa fora aprobadas na sesión anterior do 29-01-2015):

Acta 16/14 do 17-12-2014

Acta 17/14 do 22-12-2014.

Paulino Vázquez indica que non ten a acta 17/14 de 22-12-2014, resultando aprobada de todas formas.

Queda pendente de aprobación a acta 01/15 de 29-01-2015.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (09' 05")

A continuación procédese a comprobar a recepción das actas da xunta de goberno polos concelleiros, afirmando todas estalas recibindo con normalidade.

O alcalde vai indicando as actas da Xunta de goberno local que se remitiron coa data de remisión.

A continuación indica que nas documentación a remitir coa convocatorias das sesión é necesario poñer a orde do día e acostúmase a mandar documentación importante para entender esta. Esta situación provoca que, cando se remite por correo electrónico os arquivos cheguen a pesar moito, como segundo parece ocorreu na convocatoria desta sesión. A partir de agora remitiremos primeiro a convocatoria e despois a documentación que, en calquera caso, vai estar na secretaría do concello.

3.- Informe económico financeiro do terceiro trimestre de 2014 (11' 20")

Xunto a convocatoria achegábase o mencionado informe, que se une como **anexo I** á presente acta.

Antes do inicio deste punto da orde do día o alcalde informa de que está elaborado o informe do 4º trimestre que non puido entrar na orde do día deste pleno por ser redactado con posterioridade á convocatoria do mesmo, explicando brevemente o seu contido, que resulta negativo na estabilidade orzamentaria e máis no remanente de tesourería para gastos xerais.

A continuación solicita ao secretario que informe do contido deste 4º trimestre: Informa de que o mesmo da resultado negativo na estabilidade orzamentaria e máis no remanente de tesourería para gastos xerais nunha cantidade, ademais moi importante, debido en boa medida á existencia dunha cantidade moi elevada de desviación negativa de financiamento. Isto obrigará a reformular o PEF de confirmarse a situación na liquidación (pendente neste momento da asistencia dos servizos informáticos da deputación) e a modificar o orzamento para cubrir o déficit.

A portavoz do BNG di que á vista do informado polo secretario-interventor non ten nada máis que dicir sobre o informe do terceiro trimestre.

4.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2015 (16' 08")

Xunto a convocatoria achegábase a relación de facturas e informes de intervención e secretaría, que se unen como **anexo II, III e IV** á presente acta.

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández explica brevemente a razón do presente expediente que comprende as facturas do exercicio de 2014 que non houbo tempo a tramitar no exercicio por terse rexistrado en datas próximas ao seu remate. O importa total é de 31.705,04 euros. Dá conta igualmente do informe favorábel da Comisión de contas do concello.

A portavoz do BNG Manuela García Freire di que non nada que dicir sobre o expediente.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Paulino Vázquez Negro, concelleiro do BNG e membro da Comisión de contas di que o expediente non é moi claro pois non aparece o concepto das facturas, indicando o alcalde que é unha situación que se ten que solucionar, para que sempre aparezan os conceptos das facturas.

Sendo os (18' 00") sométese o asunto a votación sendo aprobado por cinco votos (PP) a favor e catro abstencións (BNG).

5.- Cesión do centro de saúde (18' 20")

Xunto a convocatoria achegábase informe de secretaría.

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández explica brevemente que eles estaban convencidos de que xa estaba rematado o expediente de cesión do Centro de saúde, pero agora piden a desafectación do mesmo previo á dita cesión, para poder cumprir co establecido no artigo 110 do Regulamento de bens.

A portavoz do BNG Manuela García Freire di que parece unha tomadura de pelo por parte da Consellaría, que parece que sempre hai unha última condición e dá a impresión de que están enredando para non ter que empezar a asumir os custes, propoñendo finalmente que se faga unha queixa por escrito, manifestando o alcalde o seu acordo de facer un escrito.

Sendo os (21' 45") sométese o asunto a votación sendo adoptados por unanimidade os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a desafectación do ben inmovible Centro de Saúde de Présaras modificando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

SEGUNDO.- Expor ao Público o expediente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que os interesados presenten as alegacións que estimen oportunas, e no caso de non se presentaren ningunha alegación elevarase este acordo a definitivo.

TERCEIRO.- Cando o presente acordo sexa definitivo, deberá realizarse o acto de recepción formal do ben inmovible que foi desafectado, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

6.- Aprobación no seu caso da solicitude de adhesión deste concello ao convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura central de tráfico e a Federación española de municipios e provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa (22' 03")

Xunto a convocatoria achegábase copia do convenio proposto.

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández explica brevemente o contido do



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura central de tráfico e a Federación española de municipios e provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, propoñendo a adhesión deste concello.

A portavoz do BNG Manuela García Freire advirte de que o interesado deberá de dar permiso persoalmente para a cesión de datos do concello a tráfico. O alcalde indica que esa prevención xa está recollida no convenio.

Sendo os (24' 25") sométese o asunto a votación sendo adoptados por unanimidade o seguinte acordo de solicitar a adhesión plena e sen condicións ao “Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura central de tráfico e a Federación española de municipios e provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa”

7.- Aprobación no seu caso do Regulamento de xestión da biomasa. (24' 46")

Xunto a convocatoria achegábase copia do regulamento.

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández explica brevemente o contido do Regulamento de xestión da biomasa que, como consta na convocatoria é unha proposta da Federación galega de municipios e provincias en colaboración coa Consellaría de medio rural e do mar.

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta que se vai aprobar realmente, contestando o alcalde que o modelo de ordenanza remitido pola Fegamp. Manuela García Freire continúa dicindo que a convocatoria non está clara, e que era pensara que era unha documentación de carácter informativo, non para aprobar, que habería detalles que perfilar.

O alcalde comenta que sería aprobar o modelo e que só habería que cambiar o membrete, que realmente é unha transcripción e aclaración da normativa existente. Tras un breve debate amósase de acordo coa portavoz do BNG que se debe traer unha redacción definitiva propia de este concello de Vilasantar.

Paulino Vázquez Negro (BNG) amósase de acordo opinando que sobra literatura e que se pode facer máis doado de entender.

Por asentimento o asunto queda pendente para unha nova sesión.

8.- Aprobación no seu caso da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos. (34' 06")

Xunto a convocatoria achegábase copia do regulamento.

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández explica brevemente o contido da



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos que é tomada dun modelo realizado polo concello de Cambre e recomendado pola deputación provincial. A continuación vai explicando o seu contido.

Tras un breve debate a portavoz do BNG Manuela García Freire propón que ao igual cá anterior quede pendente para unha vindeira sesión, adaptándoa a este concello e redactándoa en galego, o que é asumido por unanimidade polos presentes.

9.- Mocións (39'40")

Previamente ao estudo deste punto da orde do día o alcalde do concello refírese a un escrito presentado polo BNG no cal solicitaban a relación de proxectos e direccións de obra, e os seus custes, realizados por persoal alleo ao concello comprendendo toda a a lexislatura actual e informando de que a maioría dos proxectos e das direccións foron realizados polo técnico municipal, e o resto foron realizados por Barredo, que xa traballara na lexislatura anterior e a equipa na que traballa Lodeiro e indicando que neste momento non poden pasar toda a documentación por estarse recollendo.

A continuación procédese ao estudo das seguintes mocións:

A/ Escrito con número de RE 134 de data 06-02-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción para demandar o incremento de persoal de correos no noso concello" (42'20")

A continuación dáse conta do Escrito con número de RE 134 de data 06-02-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción para demandar o incremento de persoal de correos no noso concello", o cal incluíase na documentación remitida xunto á convocatoria da sesión, que se unirá como **anexo ao presente acordo e anexo V** á acta do presente pleno.

Toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire, quen explica brevemente as razóns da moción, indicando, entre outros aspectos, que cada vez hai menos carteiros no rural, nesta zona pasamos de 11 a 6. A continuación procede á lectura da proposta de acordo.

O alcalde contesta amosando o seu acordo coa proposta pois admite que hai fallos en correos.

Sendo os (44'29") sométese o asunto a votación sendo aprobada por unanimidade.

B/ Escrito con número de RE 135, de data 06-02-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción para demandar a creación de consellos de saúde das áreas sanitarias" (44'54")

A continuación dáse conta do Escrito con número de RE 135, de data 06-02-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción para demandar a creación de consellos de saúde das áreas sanitarias", o cal incluíase na documentación remitida xunto á convocatoria da sesión, que



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

se unirá como **anexo ao presente acordo e anexo VI** á acta do presente pleno.

Toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire, quen explica brevemente as razóns da moción, indicando, entre outros aspectos, que todos temos coñecemento do que fala a moción, recortes, listas de espera..., resumindo que hai menos saúde pública e unha tendencia á privatización.

A continuación procede á lectura da proposta de acordo.

O alcalde contesta amosando o seu acordo coa proposta.

Sendo os (47'35") sométese o asunto a votación sendo aprobada por unanimidade.

C/ Escrito con número de RE 136, de data 06-02-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción relativa á prescripción dos fármacos de última xeración a persoas doentes de hepatite C" (47'45").

A continuación dáse conta do Escrito con número de RE 136, de data 06-02-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción relativa á prescripción dos fármacos de última xeración a persoas doentes de hepatite C", o cal incluíase na documentación remitida xunto á convocatoria da sesión, que se unirá como **anexo ao presente acordo e anexo VII** á acta do presente pleno.

Toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire, quen explica brevemente as razóns da moción, indicando, entre outros aspectos, que todos temos coñecemento do que está a suceder polas novas da prensa e que se está a negar o tratamento curativo exclusivamente por razóns económicas.

A continuación procede á lectura da proposta de acordo.

O alcalde contesta amosando o seu acordo coa proposta pois considera que é un prezo abusivo e que habería que apretar máis ás farmacéuticas, pois non parece moi real o custe deste medicamento.

Manuela García Freire comenta que, na negociación coas farmacéuticas pódese chegar á expropiación da patente, producíndose un breve debate.

Sendo os (52'24") sométese o asunto a votación sendo aprobada por unanimidade.

D/ Escrito con número de RE 159, de data 12-02-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción para demandar un plan de emprego feminino" (52'30").

A continuación dáse conta do Escrito con número de RE 159, de data 12-02-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción para demandar un plan de emprego feminino", o cal incluíase na documentación remitida xunto á convocatoria da sesión, que se unirá como **anexo**



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

ao presente acordo e anexo VIII á acta do presente pleno.

Toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire, quen explica brevemente as razóns da moción mencionando entre outros aspectos, o aumento do desemprego, a precariedade e a emigración ou o incremento da fenda salarial. A continuación procede á lectura da proposta de acordo.

O alcalde contesta lendo un texto no que indica, entre outros aspectos, que Galicia ten un diferencial de catro puntos respecto á media do estado, sendo unha das comunidades con taxas de paro feminino máis baixas. Hai varias Ordes, que vai mencionando, que pretenden mellorar a situación das mulleres, citando varias tendentes a darlles prioridade, a defender a igualdade salarial, etc.. Considera que esta situación coloca a Galicia á fronte do estado.

Engade que na moción se alude á problemática específica das mulleres labregas, mariscadoras e redeiras manifestando que a Xunta de Galicia ten implementado políticas nestes colectivos, polo que propón unha emenda consistente en “Instar á Xunta de Galicia a que, dentro dos seus programas operativos para o fomento do emprego as mulleres sexan un obxectivo prioritario”, manifestando que así estarían de acordo

A portavoz do BNG rexeita a emenda, polo que se procede á votación da proposta na redacción dada pola moción presentada

Sendo os (57'55") sométese o asunto a votación sendo aprobada por catro votos a favor e cinco abstencións.


E/ Moción urxente presentada polo grupo municipal do PP en Escrito titulado “Petición de concesión de asilo político ao activista saharai Hassana Aalia”, no que se inclúe a “Moción en apoio da concesión de asilo político ao activista saharai Hassana Aalia” (58'08”).

A continuación o alcalde presenta a Moción urxente presentada polo grupo municipal do PP en Escrito titulado “Petición de concesión de asilo político ao activista saharai Hassana Aalia”, no que se inclúe a “Moción en apoio da concesión de asilo político ao activista saharai Hassana Aalia” que se unirá como **anexo ao presente acordo e anexo IX** á acta do presente pleno.

O alcalde do concello explica brevemente a razón da urxencia e indica que entre os es documentos incluídos no escrito únese a declaración institucional de data 10-02-2015 realizada polo parlamento de Galicia e asinada por todos os grupos parlamentares que se corresponde á folla número 5, lendo o último parágrafo desta declaración.

A portavoz do BNG, Manuela García Freire, logo de consultar co seu grupo, manifesta o seu acordo coa declaración de urxencia e coa propia moción

Sendo os (1h 00'55") sométese a votación a declaración de urxencia sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Sendo os (1h 00'59") sométese a votación a moción sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

10.- Rogos e Preguntas (1h 01'01")

A/ Revista do concello (1h 01'01")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta se contestou a Consellaría da sanidade ás queixas dos veciños en relación á fotografía que aparece na revista que o concello repartiu estes días concello, informando o alcalde que non contestaron nada.

A continuación comenta que non viron ningunha factura da revista, preguntando como se paga, contestando o alcalde que do mesmo xeito que se pagan os folios, pois é a mesma empresa, neste momento non lle pode dicir o prezo da revista en concreto. Manuela García Freire pide saber ese dato e as negociacións que houbo con esa empresa.

B/ Fotos do alcalde con persoeiros (1h 03'28")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, comenta sobre a fotografía en que o alcalde aparece con Alfonso Rueda e con Feijoo, pregunta que proxectos lles presentaron, contestando o alcalde que a Rueda presentóuselle o Aforro enerxético do Cruce de Sesmonde e a solicitude de uha Brigada medioambiental e a adquisición de colectores do lixo.

Manuela García Freire comenta que estas axudas xa están recollidas en diversas Ordes, preguntando se non levaron ningún proxecto a maiores, contestando o alcalde que a reunión foi para pedir o apoio á subvención, contestando Manuela García Freire que a subvención concederáse se hai ou non puntos.

Manuela García Freire indica que no pleno 12/2014 preguntara cando se fixera o escrito de paralización do expediente do aparelador, contestando o alcalde que esas preguntas xa as respondera aquel día, ao que Manuela García Freire di que non foi así, que se pode ver a acta. Manuela García, a petición do alcalde, indica que o que quere é saber cando e quen asinou o escrito de paralización do expediente. O alcalde di que hoxe mesmo pola mañá deille a Paulino copia da providencia xudicial. A partir da existencia dese expediente hai que paralizar o administrativo, dende que se abriu ese expediente o expediente administrativo non existe por iso, ao estar no ámbito penal, nós non imos falar deste tema. Ao que Manuela García Freire volve a contestar que para paralizar un expediente ten que haber un escrito asinado algún día e por alguén.

O alcalde continúa dicindo que co Sr. Feijoo tratamos os temas da Concentración parcelaria e do Plan Xeral de Ordenación Municipal e o tema dos concellos pequenos.

Manuela García Freire pregunta que tema trataron en relación ao PXOM, contestando o alcalde que para conseguir que se manteña como urbano o mesmo que agora, iniciándose un debate sobre se os informes sobre a natureza urbana ou non está baseado nunha lei e pondo o alcalde o exemplo do



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

informe de Estradas da Xunta que non quere zonas urbanas próximas as súas estradas o que pode prexudicar aos veciños

Manuela García Freire pregunta polas axudas ao concello que solicitou, explicando o alcalde que se trata de que o concellos de Vilasantar é un concello pequeno con dificultades para autofinanciarse, preguntando Manuela García Freire pola contestación de Feijoo, contestando o alcalde que nos lle pedimos apoio e estamos esperando que nolo dea.

Paulino Vázquez Negro (BNG) pregunta se ese apoio terá forma de fusión, contestando o alcalde que en ningún momento se tratou dese tema e que o grupo de goberno de Vilasantar non comparte as formas en que se fixo a fusión de Oza-Cesuras e nós non imos permitir unha fusión dese tipo nin temos prevista ningunha fusión, iniciándose unha breve discusión sobre que sería unha fusión ideal.

C/ Paralización do expediente disciplinario ao aparelador municipal (1h 09'52")


Manuela García Freire, portavoz do BNG, comenta que hai unha pregunta que quedara pendente dun pleno anterior sobre cando se paralizou o expediente do aparelador e que a asinou. ¿Vaise contestar?

O alcalde di que non contaba con esta pregunta e solicita ao secretario que tome nota, contestando o Manuela García Freire que xa quedara en contestala nesta sesión

D/ Plan de Aforro e Investimentos da deputación provincial (01h 10'57")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta se o concello solicitou o PAI 2015, contestando o alcalde que o PAI é un préstamo e que el quería pedir, pero o secretario redactou un informe desaconsellándoo, iniciándose un breve debate e solicitando o alcalde ao secretario que explique brevemente o seu informe, o que este fai, e que á presente acta se una o dito informe coo anexo, que será o **anexo X**.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as vinte horas e trece minutos (duración, por tanto de 1h 10'57"), do que eu, secretario, dou fe.


O alcalde
Asdo. Fernando Pérez Fernández


O secretario
Asdo. Afonso Bierto-Lorenzo Penela.